

A Coruña, 13 de febreiro de 2026

A maior parte proceden de cruceiros ou buques mercantes, xa sexa como pasaxeiros ou como membros da tripulación

Máis de 800 pacientes estranxeiros foron atendidos en 2025 polo Servizo International HM Hospitales na Coruña

- Desde 2014 son xa preto de 7.000 os pacientes estranxeiros que recibiron do equipo profesional deste Servizo un apoio personalizado máis aló da atención estritamente médica
- O equipo está integrado por especialistas, con dominio de varios idiomas e familiarizadas con todos os trámites e procedementos hospitalarios e administrativos que poida precisar o paciente expatriado
- Filipinos, británicos, indios e estadounidenses constitúen o perfil internacional máis frecuente entre os pacientes atendidos

Desde a súa posta en marcha en 2014, o Servizo International HM Hospitales na Coruña consolidouse como unha Unidade de excelencia na prestación de atención sanitaria a pacientes estranxeiros desprazados a esta cidade por motivos persoais, de lecer ou laborais, achegándose xa aos 7.000 pacientes atendidos nos últimos 12 anos. En 2025 a cifra é de 807 pacientes procedentes de 79 países.

Ademais da atención médica, en International HM Hospitales préstase apoio e acompañamento aos pacientes estranxeiros en todo o que necesiten durante a súa estancia. Para iso, o Servizo conta con cinco especialistas con dominio de diferentes idiomas e familiarizadas con todos os trámites e procedementos, non só hospitalarios, senón de calquera outro tipo que poidan facilitar a vida dos pacientes durante o seu paso polo hospital. Así o explica Anabel Costa, responsable de International HM Hospitales en Galicia, “para nós, o servizo que damos ten que ser moi humano e próximo, porque xa é difícil enfrontarse a un problema de saúde cando estás na túa casa, canto máis se estás lonxe, non coñeces o idioma nin como funcionan as cousas alí. Por iso, nós visitamos aos pacientes cada pouco tempo para ver que necesitan e ata os acompañamos ao

quirófano se están asustados ou senten sós. Pero o seu traballo vai máis aló, “desde facilitarlles a adquisición de roupa ou unha entrada para o fútbol para o acompañante, ata a organización da repatriación do paciente, o regreso ao seu barco ou a tradución dos seus informes médicos para que llos poidan entregar ao seu doutor cando volvan a casa”, manifesta.

A maior parte dos pacientes atendidos na Coruña chegan por vía marítima. De feito, o incremento do tráfico de cruceiros no porto coruñés tradúcese nun incremento de pacientes que precisan asistencia ao facer escala na cidade. “E non só os pasaxeiros”, sinala Anabel Costa, “cada vez máis tripulantes aproveitan o seu paso pola Coruña para facer as súas revisións médicas connosco. Cando chegan, xa lles temos todo organizado e agradéceno moito”. A eles súmanse os tripulantes dos buques mercantes que arriban ás dársenas coruñesas ou que necesitan ser evacuados dos seus buques ao pasar fronte ás costas galegas.

Outro perfil habitual é o relacionado co tecido empresarial da contorna, onde se rexistra unha gran internacionalización e moito movemento de persoal, clientes e provedores estranxeiros. Así mesmo, gañan peso os traballadores españois en plataformas petrolíferas, que contan con seguros estranxeiros e aproveitan as súas vacacións para concentrar todas as súas revisións médicas no Hospital HM Modelo.

En canto a nacionalidades de orixe, Filipinas ocupa o primeiro posto, seguida de Reino Unido, India e Estados Unidos, pero en 2025 recibíronse pacientes de lugares tan pouco habituais como Sri Lanka, Acerbaixán, Myanmar ou Tanzania.

Todo iso é unha fonte inesgotable de anécdotas, que Anabel Costa atesoura cada ano, “do ano pasado quedo cun pasaxeiro británico dun cruceiro que sentiu unha leve dificultade respiratoria despois de estar bailando a noite anterior e os médicos de a bordo preferiron que lle fixésemos unhas probas adicionais no Hospital HM Modelo para quedar máis tranquilos. Ao final resultou que tiña un cadro gravísimo por unha caída sufrida facía un mes na súa casa: presentaba o corazón desprazado, o pulmón encharcado e ninguén se explicaba como puidera levar vida normal ata ese momento. O paciente someteuse a unha cirurxía complexa e tivo que quedar ingresado varias semanas ao non ser viable o seu traslado. Con el quedou a súa esposa, á que tamén prestamos apoio en cousas tan cotiás como pedir cita nun salón de peiteado, chamar a un taxista ou outras xestións do día a día”, aclara.

“O máis gratificante do noso traballo son as cartas de agradecemento que recibimos. Estamos moi orgullosas do traballo que facemos e da forma na que o desenvolvemos. Creo que ese é o noso elemento diferencial”, subliña a responsable de International HM Hospitales en Galicia.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardiología, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz



981 21 66 77



647 56 48 65



irenemontero@octo.es



www.hmhospitales.com